



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
GALEGA DE EDITORAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NAS FEIRAS
INTERNACIONAIS DO LIBRO, REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E
CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A asistencia e participación nas feiras internacionais de Boloña e Guadalaxara (México), así como a organización de simposios, seminarios, xornadas e outras actividades relacionadas coa promoción e consolidación do sector do libro, como son o Simposio O Libro e a Lectura, o Encontro Galeusca, a Xornada-encontro editoras galegas e portuguesas, a Feira das Industrias Culturais de Galicia-Culturgal, así como reunións periódicas con outras asociacións profesionais, como a Federación Gremios Editores España ou o Centro Español de Derechos Reprográficos para consolidar o sistema editorial galego.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Galega de Editoras é a que ten entre os seus fins a consolidación do sector do sistema editorial galego, fomentando a competitividade das empresas do sector, a profesionalización do sector, e promoción e visibilización da produción propia.

Polo que a Asociación Galega de Editoras a é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

